



"PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021"

EIM "LOS ROSALES"

INDICE

1.INTRODUCCIÓN

2. OBXETO

3. IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA

3.1 Descripción

4.MEDIDAS ORGANIZATIVAS FRONTE O COVID-19

4.1 Medidas relativas ó personal do centro de traballo previo inicio da actividade

5. MEDIDAS ORGANIZATIVAS REFERIDAS A HIXIENE E LIMPEZA

6. MEDIDAS RELATIVAS ÓS USUARIOS E USUARIAS.

7. ACTUACIÓN EN CASO DE DETECCIÓN DUN CASO DE CORONAVIRUS

8. MEDIDAS RELATIVAS A EMPRESAS EXTERNAS.

ANEXO I. Enquisa de autoavaliación clínica do COVID-19

ANEXO II. Distribución das entradas no centro. Aula COVID.

1. INTRODUCCIÓN

A implantación de medidas preventivas nunha escola infantil 0-3, é moito máis complexa que para outros ciclos superiores, toda vez que a maiores da actividade lectiva, esta complementase coa cobertura dunha serie de necesidades básicas como durmir ou xantar, ademais de outras afectivas incompatibles co afastamento social recomendado ante o coronavirus.

Neste contexto é imperativo o establecemento dunha planificación para a reapertura da actividade presencial dos recursos e escolas infantís, co cal, seguindo o protocolo de actuación para as escolas infantís 0-3 contra COVID19 publicado pola Xunta para o curso escolar 2020-2021, redáctase este documento que inclúe todas as medidas de seguridade e hixiene recomendadas para levar a cabo no centro de traballo propiedade da empresa ESCUELA INFANTIL LOS ROSALES SL.

O documento desenvólvese segundo a normativa vixente, sen prexuízo das modificacións que se poidan facer posteriormente, de conformidade co disposto na normativa relativa ao asunto. Estas medidas actualizaránse cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica o requiren.

2. OBXETO

Este documento elabórase co fin de establecer medidas preventivas acordes co nivel de cada risco e compatibles coa actividade, destinadas a protexer a todos os usuarios dos centros, así como a todos os membros do equipo técnico e demais traballadores, reducindo a carga viral máxima no centro.

3. IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA

- CODIGO EMPRESA 12684
- EMPRESA ESCUELA INFANTIL LOS ROSALES SL
- CIF B70047816
- ACTIVIDAD ESCUELA INFANTIL
- DIRECCION C/ ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO S/N
- LOCALIDAD A CORUÑA
- PROVINCIA A CORUÑA
- TELEFONO 881 896413


3.1 Descripción

A empresa ESCUELA INFANTIL LOS ROSALES SL consiste nunha empresa que xestiona unha escola infantil municipal (EIM LOS ROSALES).

A empresa conta con 17 traballadores/as e varios postos de traballo como son:

- PERSOAL DOCENTE (Educador Infantil e Mestre/a)
- PERSOAL DE APOIO (Educador infantil)
- PERSOAL DE OFICINA
- PERSOAL DE COCIÑA

A empresa dispón dun centro de traballo, o cal ten uns bos accesos, o chan non presenta irregularidades e posee unha boa iluminación, tanto artificial coma natural.



O centro consiste nunha edificación dunha soa planta. É de fácil acceso a través da rúa Manuel Azaña dende onde se chega a unha rúa perpendicular chamada Alfonso Rodríguez Castelao que acaba nunha glorieta que desemboca na Escola Infantil Municipal Los Rosales. O edificio cumpre cunhas boas condicións de accesibilidade.

O local divídese en:

- zona de administración con dous despachos e unha sala de profesores
- sala de usos múltiples
- zona de cociña e almacén
- zona de lavandería
- zona de carros
- zona de vestuarios
- aseos
- 9 aulas
- sala de calderas.
- sala de grupo electrógeno

O centro en sí, encóntrase debidamente equipado acorde ás actividades levadas a cabo.

4. MEDIDAS ORGANIZATIVAS FRONTE O COVID-19

ebido a situación sanitaria actual, neste curso escolar 2020/2021 débense adoptar unha serie de medidas organizativas de cara a garantir un entorno máis seguro nos centros.

Para comezar, a EIM Los Rosales nomeou como responsable en materia de COVID-19 a súa directora:

FUNCION CARGO EN LA EMPRESA	NOME E APELIDOS
RESPONSABLE COVID-19	XOANA PRENAS VENTUREIRA

A súa función será a de coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento, así como tamén, a de contactar coa Xefatura Territorial de Sanidade se existise algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control deste.

Así mesmo, a escola estableceu como centro de saúde de referencia para resolver algunha dúbida ou incidencia o:

CENTRO DE SAÚDE	NÚMERO DE CONTACTO
OS ROSAIS	981 64 78 51

De cara a afrontar o reinicio con seguridad a **escola infantil adoptou as seguintes medidas:**

- Difundirá as recomendacións e medidas preventivas adoptadas entre os usuarios e usuarias do centro, ou ben vía oral, escrita ou mediante cartelería disposta polo centro de traballo.
- Dispoñerá de material de limpeza e hixiene (hidroxel, xabón, papel,...) en cantidade suficiente para abarcar todo o centro de traballo, así como reposición continua do mesmo.
- Crearánse grupos de convivencia estable practicamente en toda a xornada lectiva entre os/as usuarios/as para diminuír o risco de contaxio entre o alumnado. Na franxa horaria de madrugadores que abrangue dende as 7:30h ata as 9:00h non é posible establecer os 9 grupos de convivencia estable que haberá ó longo da xornada lectiva, pero para minimizar o risco de contaxio estableceránse tres grupos de alumnado por ciclos. (un grupo de bebés, outro de nenos/as de 1 ano e un terceiro de nenos/as de 2 anos). Os tres grupos permanecerán na sala de usos múltiples separados entre eles coa suficiente distancia de seguridade.
- O periodo de adaptación realizarase nunha semana, en diferentes franxas horarias e con grupos reducidos. Entre cada franxa horaria levarase a cabo a desinfección pertinente. Unha vez transcurrida a semana de adaptación o alumnado xa poderá realizar a xornada completa.
- O uso da mascarilla será obrigatorio por todo o persoal do centro, agás os usuarios (alumnos e alumnas), como así establece a Xunta no seu protocolo.. Estas estarán a disposición dos profesionais en cantidade suficiente para atender esas situacións e aquelas outras nos que se teña sospeita de que poida haber unha persoa afectada. En momentos puntuais e extremando as precaucións en canto a distanciamento se poderá retirar a máscara para que existan pequenos instantes en que as nenas e nenos poidan recoñecer a cara da súa educadora ou educador,

facilitándose o apego e a boa relación emocional entre ambos, durante a súa xornada en contacto coas nenas e nenos.

- Manterase unha distancia física mínima de 1,5 metros entre as persoas presentes nos centros educativos, agás nos grupos de convivencia estable.

- No caso de aparecer un caso positivo da COVID 19 se seguirá a recomendación da Xefatura Territorial de Sanidade e realizarase un test diagnóstico en 24 horas a todo o persoal que tivera un contacto estreito co caso positivo no centro.

- O persoal da escola recibiu unha formación previa ao inicio do curso sobre o uso adecuado das máscaras de protección, a hixiene de mans ou a distancia física.

- Comunicar as medidas preventivas adoptadas a outras empresas, autónomos e persoas que poidan prestar algún servizo no centro.

- Establecéronse quendas de entrada e saída do persoal, así como quendas no turno de comida.

- Tomáronse as medidas organizativas pertinentes de cara á distribución do persoal en función das ratios e número de unidades abertas, así como dos diferentes momentos da xornada, e reparto das tarefas.

- Organizáronse as entradas e saídas con tempo previo suficiente para organizar as recollidas e entregas dos nenos e nenas e a súa condución ata as aulas. Haberdous horarios de entradas e saídas dos/as nenos/as organizados do seguinte xeito:

Aulas de 1 ano : De 9:00h a 9:15 h. / De 12:45h A 13:00h

Aulas de 2 anos: De 9:30h a 9:45h / De 13:00h a 13:15h (no comedores)

De 13:20h a 13:30h (comedores)

Ademáis destes turnos de entradas e saídas, a escola ofertará o servizo de madrugadores de 7:30h a 9:00h e de ampliación de xornada de 15:00h a 16:00h e de 16:00h a 17:00h.

Os bebés entrarán por outra porta independente entre as 9:00h e as 10:00h.

- Limitáronse as tarefas que implican contacto entre o persoal concorrente nos diferentes espazos, momentos e rutinas diarias.

- Adaptáronse os postos de traballo ou limitáronse as tarefas a aqueles traballadores e traballadoras que sexan máis vulnerables.

- Reforzouse a prevención de riscos propios da actividade coa implementación dos produtos de desinfección, limpeza, ventilación e medidas de protección que se sinalen para cada tarefa.

4.1 Medidas relativas ó personal do centro de traballo previo inicio da actividade:

Identificar e valorar as medidas para o persoal especialmente sensible, coas patoloxías indicadas por Sanidade como perigosas, ademais das traballadoras en estado de xestación, polo que será necesaria a correspondente adaptación do seu posto de traballo, coa posibilidade de que se manteñan en situación de IT, análoga ou de teletraballo.

Avisar que non se debe ir traballar con febre ($> 37,5^{\circ}$), síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada (segundo consta nos criterios da enquisa de autoavaliación do anexo I que deberá cubrir todo o persoal do centro diariamente con carácter obrigatorio). Para casos de contactos ou sospeitas, o persoal traballador solicitará consulta no seu centro de saúde.

Difundir as recomendacións da autoridade sanitaria fronte ao coronavirus, mediante carteis no centro de traballo (lavado de mans, uso de mascarilla, respetar a distancia de seguridade)

Recomendación ao persoal para o uso de transporte individual entre os seus domicilios e os centros de traballo de xeito preferente. De non ser posible, caso de ter que asistir en coche compartido, poderán ir ata dúas persoas por fila de asentos, sempre se deberá utilizar máscara de forma obrigatoria. Deberase respectar a máxima distancia posible entre ocupantes. Para o uso de transportes públicos será obrigatorio a utilización de máscarillas.

5. MEDIDAS ORGANIZATIVAS REFERIDAS A HIXIENE E LIMPEZA

Se existe unha medida estratéxica e fundamental para tratar de conter o propagación do virus SARS-CoV-2, para conseguir un centro educativo seguro, é extremar a limpeza e desinfección. A Escola Infantil Municipal Los Rosales establecerá, a maiores das rutinas de limpeza que levaba a cabo, unhas medidas de limpeza e desinfección do centro, onde se intensificaran as frecuencias de limpeza do centro (recomendable 3 veces ó día) e de elementos máis comunmente usados no centro, espazos de uso común, equipamento, e utensilios (obxectos, mesas,

superficies, pomos, portas, teléfonos, aparellos de música e aqueles outros con botóns como os teléfonos, os pasamáns, as barras de portas antipánico, billas, interruptores, etc). Nas tarefas de limpeza e desinfección utilizaranse sempre produtos do listado de virucidas indicados polo Ministerio de Sanidade. Xunto coa limpeza e desinfección, a ventilación tamén é importante porque consegue manter unha boa calidade do aire interior, que é esencial ó pasar moito tempo en interiores. Co cal, será obrigatorio manter un período de ventilación aproximadamente duns 10 minutos cada hora e media ao longo do día. Cando o tempo o permita, sería recomendable que se manteñan as ventás abertas durante a xornada. A maiores da limpeza, desinfección e a ventilación, a escola levará ó cabo as seguintes pautas:

- A roupa de traballo será de uso exclusivo do centro. En ningún caso se virá da casa con ela posta. Á chegada á escola procederase ao cambio da roupa persoal pola de traballo, gardándoa adecuadamente e separada da do resto do persoal. Ao final da xornada lavarase conforme ás normas xerais establecidas polas autoridades sanitarias, de xeito preferente no centro. Non procede nin á entrada nin á saída do centro ir vestidos coa mesma roupa. Da mesma forma, actuarase se se sae da escola durante o descanso, ou deber inescusable (por exemplo cita médica) e tomaranse as mesmas precaucións. O mesmo sucederá co calzado que se use no centro.
- Os traballadores e traballadoras preferentemente quitarán o calzado da rúa á súa chegada ao centro, no espazo (zapateros) convido para esta medida, desinfectarano e gardarano nunha bolsa de plástico, de xeito que se minimize a circulación polos espazos comúns de uso diario de nenos, nenas e do persoal co calzado do exterior. Tras a súa retirada, pasarase aos vestiarios onde se procederá a gardalo. Na mesma entrada os traballadores ou traballadoras procederán á desinfección das mans ata que poidan lavalas convenientemente con auga e xabón nos vestiarios.
- Manter os vestiarios o mais diáfanos posible, prescindindo de todo o superfluo (excedente de roupa e outras pertenzas persoais) que facilite a súa limpeza e a das taquillas.
- Facilitar o lavado frecuente das mans, mínimo de 5 veces ao día para o persoal, con auga e xabón como primeira opción, dispoñendo de xabóns en todos os baños de adultos e nenos e nenas, así como nos puntos de auga dos que se dispoña en aulas e/ou zonas de preparación de alimentos ou de solucións hidroalcohólicas para determinados momentos e rutinas que non permitan o lavado entre acción e acción. No caso de uso destas solucións, determinarase un lugar específico para o seu almacenaxe que non teña risco de inflamabilidade.
- Recomendación do lavado das mans como medida preventiva fundamental para previr a transmisión do virus e preferiblemente para os momentos de hixiene das cativas e cativos entre cambio e cambio, para os momentos de alimentación e para recoller pedidos, mercancía ou albarás, correo, así como na manipulación de obxectos

que proveñan de fóra da escola como mochilas e bolsas de nenos e nenas, axendas e outros. Para o caso de usar luvas, cando se retiren deberán observarse as recomendacións para a súa retirada, desbotándoas de xeito correcto nun recipiente con tapa, e procedendo de xeito inmediato ao lavado correcto das mans.

- O secado de mans será con papel dun só uso e non se empregará a lencería dispoñible no centro. Non utilizar secadores de mans de aire, nin sistemas de limpeza de aire.

- Disporase de papeleiras con tapa e pedal por todas as instalacións do centro • Os documentos achegados polas familias durante os períodos de inscrición, matrícula e calquera outro documento puntual ao longo do curso serán preferiblemente escaneados para o seu arquivo informático co fin de minimizar o contacto coa documentación física presentada. Tras a manipulación destes documentos prestarase unha especial atención ao lavado de mans ou desinfección con solución hidroalcohólica.

- Cubrir sempre as vías respiratorias cun pano dun só uso ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado. Evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.

- Os útiles, equipos, utensilios de comida, obxectos de traballo, deberán hixienizarse tras o seu uso.

- Evitar compartir alimentos, bebida, utensilios e outros obxectos durante a comida.
- Non utilizar os teléfonos móbiles durante os momentos de atención aos usuarios. Esta prohibición xa vixente, refórzase durante toda esta etapa lembrando que, en caso de precisar dos teléfonos persoais durante os descansos do persoal, os aparellos estarán debidamente desinfectados antes e despois do seu uso. Evitarase, da mesma forma, a utilización por parte dos profesionais de obxectos persoais durante a xornada laboral.

- Dispoñera de dispensadores de xel hidroalcohólico repartidos por todo o centro e sobre todo nas entradas principais. Aínda que priorizárase o lavado de mans ao dispor de lavabos dentro das aulas, igualmente disporán de dispensadores de xel hidroalcohólico para uso exclusivo da aula, por se non fose posible o lavado das mans

6. MEDIDAS RELATIVAS ÓS USUARIOS E USUARIAS

6.1 Momento de chegada e acceso:

- A Escola Infantil Municipal Los Rosales habilitou unha entrada cun pasillo máis longo que a entrada que tiña ata o de agora, para que tanto o alumnado como o proxenitor que o acompaña, poidan manter a distancia de seguridade nos horarios de entrada e saída. Ademais establecéronse dúas quendas cos seguintes horarios:

Aulas 1A,1B e 1C : de 9:00h a 9:15h

Aulas 2A,2B e 2C DE 9:30h A 9:4h

O alumnado das aulas de bebés entra por outra porta diferente en horario de 9:00h a 10:00.

E o alumnado da aula 1D tamén ten una porta exclusiva de acceso o aula.

(Ver mapa no anexo II).

- Se restrinxirá o acceso ós nenos ou nenas que teñan febre (máis de 37,5°), tose ou síntomas respiratorios, aínda que sexan leves. De igual modo, aqueles que mantiveron contacto cunha persoa afectada dentro ou fóra da unidade familiar tampouco deberán acudir ao centro. Para a xustificación da ausencia, abondará cunha xustificación dos pais ou nais.

- Os nenos e nenas farán uso de calzado exclusivo para estar dentro da escola e saír ao patio. Dispoñen de zapateros para o calzado que traian de fóra nas estradas para facer o cambio, así como de percheiros para a roupa de abrigo, que previamente lle quitará o seu proxenitor.

- En todas as entradas dispoñeran de xeles hidroálcolicos para levar a cabo a desinfección dos usuarios na súa entrada ó centro.

- A recepción dos nenos e nenas que aínda non camiñen, farase de colo a colo, por persoal do centro debidamente equipado con equipos de protección (mascarilla e pantalla de protección, esta última optativa)) e previa desinfección das mans.

- O material facilitado polas familias deberá ser desinfectado antes de gardalo: envases de "toallíñas", cueiros, biberons... Outras pertenzas como zapatillas, gorras, obxectos de apegos, etc, serán entregadas ao persoal debidamente marcadas, lavadas e pechadas en bolsas plásticas evitando que saian do centro.

- Os recipientes do almuerzo e da comida do persoal que proceden do exterior deberán ser, da mesma maneira, desinfectados. Procederase igualmente cos biberóns de leite materno que veñan da casa, antes de ser gardados na neveira. Para a súa desinfección poderase utilizar algún dos virucidas compatibles co uso alimentario aprobados polo Ministerio de Sanidade.

- Unha vez recollidos todos os nenos e nenas, as portas da escola deberán permanecer pechadas.

6.2 Actividades nas aulas

- As nenas e nenos beberán por botellita ou biberón de uso exclusivo, con limpeza e desinfección diaria.
- Reducirase ao máximo posible as interaccións e intercambios

entre as nenas e nenos das distintas aulas ao longo de todos os momentos da xornada. Cada grupo aula terá o seu propio material de xogo reducindo posibles contaxios por contacto.

- Nos grupos de convivencia estables formados por un número de nenos e nenas e os seus profesores/educadores, non se gardará a distancia de seguridade.
- Incluíranse como rutinas principais as de lavado frecuente de mans con auga e xabón dentro das aulas, incluíndo dinámica. Usarase papel dun só uso para o secado.
- Dispoñeráse de papeleiras de pedal en todas as aulas.
- Usar papel dun só uso nos cambiadores para o cambio de cueiros. Se non se pode, desinfectar a superficie do cambiador con produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade a superficie do cambiador.
- Evitarase, nestes primeiros momentos, o uso de cepillo de dentes. Esta rutina incorporárase no momento no que o equipo poida garantir o uso correcto por parte dos nenos e nenas
- Para a limpeza do nariz empregaránse os panos de papel dun só uso que deben ser eliminados de forma inmediata nun contedor con tapa.
- Lavado frecuente e esterilización diaria de chupetes e biberóns de uso exclusivo da escola.
- Fomentar propostas en pequeno grupo onde coincidan poucos nenos e nenas no mesmo espazo. Uso de materiais que se poidan limpar e desinfectar, axeitados segundo o grupo de idade, xerando distintas posibilidades de xogo.
- Alternancia no uso dos espazos comúns de patios exteriores/interiores ou corredores e distribución de tempos para o seu uso por pequenos grupos.
- Dar prioridade ao uso da zona exterior, empregando materiais de doada limpeza e desinfección, intensificándoa, tanto para materiais como elementos de xogo e os espazos no intercambio dos grupos. Restringir o uso de areeiros.
- Ventilación frecuente de todos os espazos interiores, aproveitando as saídas ao exterior ou zonas comúns.

6.3 Momento do xantar

- As comidas se servirán de xeito individualizado para evitar que os cativos compartan utensilios. Manter as distancias de seguridade entre nenos e nenas nas mesas de comedor na medida do posible, para evitar o intercambio de comida e utensilios.
- Sempre que se poida usaranse as aulas para servir as comidas aos nenos e nenas. Este curso escolar, das 9 aulas que ten a escola en 5 delas o alumnado comerá nas

suas aulas os nenos/as das 4 aulas restantes comerán por quendas e coa suficiente distancia de seguridade, no comedor.

6.4. Momentos de descanso e sono

- Nos momentos de descanso, as camiñas colocaranse mantendo a distancia de seguridade, ou ben alternando a posición dos cativos de xeito que non coincidan cara con cara. De non ser posible, poderanse empregar outros espazos para o descanso.

Haberá catro dormitorios, dous deles para as tres aulas de 1 ano e os outros dous para as tres aulas de 2 anos. O alumnado das aulas de bebés, así como o da aula 1D realizarán a sesta na sua aula. As zonas de sono en bebés adecuaranse preferentemente cos berces debidamente protexidos cos coxíns protectores para evitar contacto entre os cativos. Estes serán limpados e desinfectados con frecuencia.

- Lavado frecuente de sabas a temperatura axeitada entre 60 e 90° e igualmente na desinfección de camas.
- Extremarase o coidado de non intercambiar roupa de camas de nenos e nenas.

6.5. Medidas relativas ás familias

- As familias tomarán a temperatura dos nenos e nenas na casa antes de levalos á escola. Os e as que teñan febre (máis de 37,5°), tose ou síntomas respiratorios non acudirán aos centros. De igual modo, aqueles que mantiveron contacto cunha persoa afectada dentro ou fóra da unidade familiar deberán permanecer no domicilio.
- A entrega e recollida dos nenos e das nenas realizarase por unha soa persoa que acudirá debidamente protexida coa utilización de máscara de protección, desinfectará os zapatos e as mans e manterá en todo momento as distancias de seguridade respecto do persoal da escola e outros usuarios ou usuarias.
- Previa á nova incorporación ao centro as familias asinarán unha Declaración Responsable se comprometan a cumprir as indicacións e medidas de control do virus que se establezan por parte das autoridades sanitarias, a non ter sido contacto estreito con persoas COVID-19 nos últimos 14 días, a non asistencia do neno o nena á escola en caso de febre superior a 37,5°C ou outro síntoma de enfermidade, e a comunicación das incidencias que se produzan dentro do ámbito familiar ao centro escolar, entre outras. Esta declaración entregárase xunto co resto da documentación no inicio do curso.

- De ser detectada febre ou outros síntomas durante a xornada, as familias deberán presentarse no centro coa maior brevidade posible, polo que deberán estar localizables en todo momento. O neno sintomático dentro do centro debe ser separado do resto dos nenos á espera da chegada dos pais. O centro habilitará a denominada AULA COVID para aislar o posible caso (ver mapa anexo II)
- As familias serán as encargadas de retirar o abrigo e os zapatos do neno ou nena dentro das zonas habilitadas para o efecto, e non pasarán ao interior da escola, salvo por indicación do persoal, empregándose nese caso calzas. Nestes momentos de entrega e recollida manteranse as distancias de seguridade respecto do persoal do centro e outros usuarios ou usuarias.
- Para unha chegada e entrega graduada dos nenos e nenas, pregarase puntualidade ás familias e o cumprimento estrito dos horarios previamente acordados, así como que manteñan a distancia de seguridade entre elas, agardando fóra do espazo habilitado polo centro no caso de ser necesario para evitar o incumprimento das distancias esixidas. Só acudirá un adulto por neno ou nena.
- Durante a vixencia deste protocolo polo COVID-19 as familias deberán permanecer no pasillo da entrada, e non poderán acceder ao interior do centro agás por solicitude expresa do persoal da escola.
- As familias non deixarán os carriños dentro do centro.
- En relación coa comunicación e intercambio de información diaria coas familias potenciarase o uso de aplicacións na medida do posible, por vía telefónica ou calquera outra, para trasladar as incidencias da xornada, evitando así o uso das axendas en papel.
- Sobre todo no reinicio da actividade e durante o proceso de inscrición e matrícula establecerase a cita previa coas familias.
- Fomentaranse as videochamadas para posibilitar o desenvolvemento non presencial das reunións escola/familia. De non ser posible, solicitaranse citas previas para a realización de titorías, sempre tomando as medidas de seguridade e hixiene recomendadas en cada momento polas autoridades sanitarias e a ser posible, fóra do horario de atención educativa.
- Quedan suspendidas todas as reunións e actividades de ANPAS nas instalacións do centro, e regularase con posterioridade as reunións necesarias dos Consellos Escolares, ou outros órganos de representación, a través doutros medios que non menoscaben a participación dos ditos órganos no debido funcionamento da escola.
- As reunións coas familias de inicio e fin de curso serán substituídas por reunións previamente organizadas por aulas, coa asistencia do menor número de nais e pais, coa presenza dun só proxenitor, sempre fóra do horario lectivo, e gardando todas

as medidas preventivas que se establezan polas autoridades competentes para cada momento.

- No novo curso e mentres dure esta situación de pandemia, non estará permitido levar xoguetes nin outro tipo de material individual ao centro.

6. ACTUACIÓN EN CASO DE DETECCIÓN DE UN CASO DE CORONAVIRUS

En caso da aparición dun caso positivo de coronavirus nun centro tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a dirección deste contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena durante un período de 14 días no seu domicilio. Ante a sospeita de síntomas compatibles coa Covid-19, a familia do neno ou nena, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houbese cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria. No caso da aparición dunha persoa do centro con síntomas compatibles de COVID-19, se lle facilitará unha máscara quirúrxica en tanto se lle nun espazo previamente establecido polo persoal do centro, separado do resto das persoas á espera de que reciba axuda médica, a poder ser, convenientemente ventilado. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 se seguirán as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. MEDIDAS RELATIVAS A EMPRESAS EXTERNAS

- A escola comunicará e difundirá as medidas preventivas adoptadas a outras empresas, autónomos e persoas que poidan prestar algún servizo no centro, dentro da correspondente coordinación da actividade empresarial.
- Calquera traballador ou traballadora externo ou externa ao centro, deberá contemplar as medidas de seguridade establecidas polas súas propias empresas.
- Ademáis deberán asumir o cumprimento estrito das medidas establecidas neste protocolo e futuros para o cumprimento das súas funcións e desenvolvemento do seu traballo dentro da escola, tanto se o servizo prestado é habitual como puntual.

- Procurarán ter establecida con anterioridade á súa chegada graduada ao centro, facilitando unha hora aproximada que evite interromper na medida do posible as dinámicas do centro.
- Sempre que existan, accederán polas portas alternativas a aquelas reservadas aos nenos e nenas previstas con anterioridade en cada centro, ou ben pola de acceso xeral onde non exista a dita posibilidade, sempre provistos de calzas.
- Para acceder sempre contarán coa autorización e coñecemento previo das direccións das escolas, provistos de máscaras como mínimo.
- Á súa chegada avisarán mediante o timbre de entrada, ou mediante chamada telefónica. • Usarán xel hidroalcohólico antes de acceder ás dependencias para a desinfección das mans.
- Os estudantes en períodos de prácticas , estarán obrigados a proceder cumprindo todas as esixencias e requisitos recollidos no presente Protocolo, así como a entregar a mesma Declaración Responsable que asinarán as familias, responsabilizándose de comunicar calquera circunstancia relativa a contactos ou síntomas de Covid de xeito inmediato á dirección do centro.
- Os víveres e mercancías destinadas aos servizos de cociña, subministraranse a través das portas de servizo desas instalacións sempre que as haxa. Caso de precisar de carros para entregar a subministración, procederán á limpeza previa con líquidos axeitados antes da entrada no centro (lixivia e outros desinfectantes autorizados polo Ministerio de Sanidade).
- O persoal de cociña será o responsable da desinfección e do gardado en debidas condicións de todo o material recibido. Deberá manter as instalacións deste espazo, os almacéns e estancias afectadas ó seu servizo en estado de limpeza e desinfección axeitado e permanente.

ANEXO I.

Enquisa de autoavaliación clínica do COVID-19. Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

ANEXO II.

Plano da escola coa distribución das entradas e saídas da escola, así como da aula Covid.

Enquisa da autoevaluación clínica do Covid-19 para os /as traballadores/as.

[illegible]

ANEXO II. Distribución das entradas no centro. Aula Covid

